



FSIE PRETENDÍA EXCLUIR A MÁIS DE 800 DELEGADOS E DELEGADAS DO SECTOR DA DISCAPACIDADE

A Audiencia Nacional desestimou a demanda do sindicato FSIE pola que pretendía formar parte da comisión negociadora do XV Convenio Colectivo de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade.

O pasado 28 de marzo quedou constituída a Mesa Negociadora do XV convenio colectivo, na que, pola parte sindical, estaban inicialmente lexitimados **CCOO** e UGT, ao contar ambas as organizacións con máis do 10% de representatividade no sector, mínimo esixido para formar parte da Mesa. **CCOO** achegou os certificados oficiais que así o demostraba.

A organización sindical FSIE, con menos do 9% de representatividade, manifestou nesa reunión o seu dereito a formar parte da Mesa Negociadora alegando que non debían computarse os delegados e delegadas afectados polos catro convenios do sector existentes no ámbito autonómico catalán. Que clase de organización sindical pretende omitir ás máis de 800 persoas que representan aos traballadores e traballadoras do sector en Cataluña?

Non satisfeitos coas explicacións que se lles deu nese acto de constitución, FSIE decidiu demandar a **CCOO** e UGT. A súa pretensión era que a Xustiza lles outorgase a representación que non obtiveron nas eleccións sindicais, evidenciando desa maneira a súa máis absoluta falta de respecto e de fair play respecto das organizacións sindicais representativas do sector, tentando quitar validez aos certificados emitidos polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social e sen escatimar en gastos, ao contratar os servizos dun dos bufetes de avogados máis prestixiosos da capital.

A sala que xulgou o caso non atendeu ás razóns expostas por FSIE, considerando que o Convenio Colectivo de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade está vixente en todo o territorio español, independentemente de que poidan existir convenios colectivos de ámbito autonómico.

Desta maneira, os argumentos iniciais de **CCOO**, organización máis representativa no sector de discapacidade, quedaron referendados no xuízo, ao pór a sala a coherencia e o sentido común que non tivo a parte demandante.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasanería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

